


<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>1. ASPECTOS XERAIS.....</b>	<b>2</b>
1.1 O Proxecto Educativo.....	2
1.2 Marco legal.....	3
1.3 A contorna.....	4
1.4 O centro.....	4
<b>2. OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS.....</b>	<b>8</b>
2.1 Identidade e valores.....	8
2.2 Fins e intencións educativas.....	9
2.3 A metodoloxía, competencias e avaliación.....	12
2.4 A organización pedagóxica e os documentos correspondentes.....	25
2.5 Outros documentos de interese.....	26
<b>3. A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.....</b>	<b>26</b>
3.1 A Organización xeral no funcionamento do centro.....	26
3.2 NOFC .....	29
3.3 Plan de convivencia.....	29
3.4 Plan de funcionamento do comedor.....	29
3.5 Plan de autoprotección.....	30
<b>4. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PE.....</b>	<b>30</b>
4.1 Avaliación.....	30
4.2 Modificación do PE.....	30
4.3 Difusión do PE.....	30



## INTRODUCCIÓN

A elaboración do proxecto educativo foi considerado polo novo equipo directivo do CEIP M. Mato Vizoso de Vilalba como unha prioridade debido a que a lexislación educativa, en constante cambio coa publicación de diferentes leis, decretos, ordes, etc, deixou obsoleto o anterior proxecto. Trataríase de redactar un documento que reflectise, de maneira clara e cunha finalidade práctica, a realidade educativa do M. Mato Vizoso hoxe en día e que poida perdurar no tempo coas revisións periódicas correspondentes.

A súa elaboración, tal como dispón a lei, foi un dos obxectivos específicos do actual equipo directivo durante o curso 2019-20. Dende o cal, promoveuse que toda a comunidade educativa participase no mesmo para enriquecer coas súas aportacións dito proxecto e se solicitase un PFPF.

- ✚ Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) elaborou aspectos, sobre todo os didácticos ou de organización docente.
- ✚ Consello Escolar como canle para a entrada das achegas dos sectores non docentes do centro.
- ✚ Concello de Vilalba que nos aspectos socio-económicos da zona aportou documentación importante.

Así pois, somos conscientes da importancia do proxecto que temos nas mans, por tratarse do principal documento do centro e que ten que servir como referencia a toda a comunidade educativa.

## 1. ASPECTOS XERAIS

### 1.1 O PROXECTO EDUCATIVO (PE)

O Proxecto Educativo coa publicación da LOE modificouse nos últimos anos, pois dótase aos centros dunha maior autonomía: "Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro". (Artº 120 LOE).


Ademais consideramos necesaria a revisión do PE pola entrada en vigor da LOMCE. Para desenvolver este proxecto é necesario dar resposta ás seguintes cuestións:

- **Onde estamos e a quen nos diriximos?**

É dicir, o entorno social, económico cultural e lingüístico do centro, con isto referímonos aos tipos de familias, necesidades específicas do alumnado, relación coas institucións tanto concello, centros adscritos, etc.

- **Quen somos?**

Os sinais de identidade, que se plasman nas características singulares do centro tanto na oferta educativa, modalidades, optativas, servizos, etc. Tampouco podemos esquecer aquí os valores, principios e fins que rexen a vida do centro, así como as prioridades de actuación.



○ **Que queremos?**

Lograr unha autonomía pedagóxica e, para acadar eso, debemos definir a nosa concreción curricular, remarcar os aspectos xerais e elaborar plans e programas que nos axuden a este fin.

○ **Como nos organizamos?**

A través do Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento que proporcionan ao centro unha autonomía organizativa.

○ **Como nos financiamos?**

A financiación recóllese nun proxecto de xestión económica que poida dotar de certa autonomía económica ao centro.

## 1.2 MARCO LEGAL

O Proxecto educativo do CEIP Manuel Mato Vizoso ten unha base legal que o regula. O centro tamén segue uns principios legais que definen a súa propia ideoloxía.

Así, a ideoloxía propia do centro segue os principios de:

- A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1984.
- A Constitución Española de 1978.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Os aspectos educativos están regulados por:

- LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa).
- LOE (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación).

O funcionamento deste CEIP está regulado polo:


- ROC D 374/1996 do 17 de outubro.
- ORDE de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A admisión do alumnado está regulado por:

- Decreto 245/2012 do 13 de decembro.
- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil e de educación primaria.

O funcionamento do comedor:

- Ven recollido no decreto 132/2013 do 1 de agosto.



## 1.3 A CONTORNA

### 1.3.1 Situación Xeográfica

O CEIP Manuel Mato Vizoso está situado na comarca da Terra Chá, cunha poboación duns 14.200 habitantes. Esta, está moi dispersa, pois conta con 29 parroquias das cales este centro recibe alumnado de 15 delas.

O concello, ademais de 7 centros de ensino conta tamén cunha biblioteca municipal, casa da cultura, auditorio, centro da xuventude e instalacións deportivas (pavillón municipal, piscina e os pavillóns e pistas dos centros de ensino).

### 1.3.2 Demografía

Dende o punto de vista socio-xeográfico e tendo en conta que é unha poboación rural, boa parte do alumnado é transportado, (sobre un 53%), o que fai que haxa unha porcentaxe alta de alumnos que empregan o servizo de comedor (un 69,6%). Un 30,4% non fan uso deste servizo.

### 1.3.3 Nivel socio-cultural das familias

No aspecto sociocultural, a formación académica das familias presenta un nivel predominante medio. Unha porcentaxe pequena é de familias inmigrantes, procedentes, sobre todo, de Romanía e Marrocos.

### 1.3.4 O noso alumnado

Dado que o noso alumnado procede de diversas parroquias, un alto porcentaxe é transportado. Ademais, como estamos falando dun núcleo urbano bastante extenso, existen tamén dúas liñas de transporte urbano que prestan servizo ó alumnado que así o requira e que é xestionado pola ANPA.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas que teñen como lingua materna o galego e o castelán, un 60% son galego falantes e un 40% falan castelán.

Recibimos alumnado da EEI de Vilalba, ademais do alumnado das 15 parroquias mencionadas. Este centro está adscrito ao IES Santiago Basanta Silva.

Unha pequena porcentaxe do alumnado é inmigrante (5%).

Rara vez se dan casos de absentismo escolar e a puntualidade é satisfactoria.

## 1.4 O CENTRO

### 1.4.1 Datos de contacto


CENTRO	CEIP Manuel Mato Vizoso
ENDEREZO	Cuart de Poblet S/N
LOCALIDADE	Vilalba
DISTRITO POSTAL	27800
TELEFONO	982 870888/89/90
FAX	
CORREO ELECTRONICO	ceip.mato.vizoso@edu.xunta.es
CÓDIGO DO CENTRO	27013296



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP MANUEL MATO VIZOSO



Rúa Cuart de Poblet s/n

27800 – VILALBA – LUGO

TFNOS: 982870888/ 982 870889/ 982 870890


<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmatovizoso/>

Correo electrónico: ceip.mato.vizoso@edu.xunta.es


### 1.4.2 Localización xeográfica

O centro está situado no concello de Vilalba, na provincia de Lugo.

<https://www.google.com/maps/place/CEIP+Manuel+Mato+Vizoso/@43.2931191,-7.681569,15.75z/data=!4m5!3m4!1s0xd31e6a17727b705:0xb609c063e553f161!8m2!3d43.2928191!4d-7.6819458>



A nosa andaina como centro educativo remóntase ó ano 1967, cando foi construído o edificio principal, denominándose por aquel entón *Colegio Nacional de Enseñanza General Básica de*



*Vilalba*, unificando, entre outras, as “Escolas de nenos e nenas da Feira”, edificio que actualmente ocupa o Concello de Vilalba.

No seu inicio o colexio contaba cunha matrícula próxima aos 900 alumnos/as da educación xeral básica, e daba servizo de comedor a máis de 250 alumnos/as transportados/as.

### 1.4.3 Descrición das instalacións


O recinto sobre o que se asenta o centro presenta unha forma irregular, está valado na súa totalidade e ten tres portas metálicas de acceso. As dependencias escolares están repartidas en dous edificios dentro do mesmo recinto. O edificio principal consta de 3 plantas e un soto, con dúas portas de acceso. Neste edificio repártense 10 aulas de EP, 1 aula de PT, unha aula de AL, 1 aula de usos múltiples (apoios, valores...), 1 aula de música, 1 biblioteca, 1 aula de inglés, 1 aula de informática, a Sala de profesorado e o departamento de orientación. Na planta baixa está o comedor, os servizos administrativos (dirección, xefatura de estudos e secretaría) e a conserxería. No soto está a cociña. En tódalas plantas existen aseos para o alumnado e o profesorado.

O segundo edificio, construído a finais da década dos 80 e destinado a educación infantil e primeiro de Primaria, consta de planta baixa, unha primeira planta e un soto. Na planta baixa hai dúas aulas de educación infantil, un espazo diáfano, cerrado na súa totalidade por ventanais, pero cuberto. Na primeira planta hai unha aula de educación infantil, dúas aulas de EP, unha pequena sala de profesores, unha aula de usos múltiples e un local para uso da ANPA.


Dentro do recinto existe un pavillón polideportivo para uso das actividades de Educación Física.

O centro ten serias dificultades en torno ás barreiras arquitectónicas. Debido á configuración estrutural do edificio, sendo un aspecto importante a ter en conta á hora de escolarizar nenos ou nenas con problemas motrices.





**C.E.I.P. MANUEL MATO VIZOSO**



**1.4.4 Descrición das ensinanzas que imparte**

No CEIP Manuel Mato Vizoso pódese cursar estudos de Educación Infantil e Educación Primaria. Segundo o último catálogo de postos de traballo publicado do DOG están autorizadas 3 unidades en Educación Infantil e 12 unidades en Educación Primaria.

Materias que se imparten:

- Educación Infantil: impártense as establecidas por lei e ademais as especialidades: Lingua Estranxeira, Educación Física e Educación Musical.
- Educación Primaria: impártense as establecidas por lei.


**1.4.5 Centros adscritos**

O CEIP Manuel Mato Vizoso recibe alumnado da EEI.

O alumnado que non pertenza á zona educativa correspondente, poderán matricularse no centro sempre que existan prazas vacantes, e poderán así mesmo usar o servizo de comedor.

En todo caso a admisión de alumnado regularase segundo a normativa vixente:

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro



- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

#### **1.4.6 O persoal do centro**

##### ***Profesorado***

Durante o curso 2019-2020 o número de profesorado que conforman o claustro é de 26: 21 deles teñen destino definitivo neste centro, 4 de xeito provisional e 1 de relixión.

O reparto é o seguinte: 4 mestras de infantil, 11 de primaria, 2 de lingua estranxeira (inglés), 1 de lingua francesa, 2 de PT, 2 de Ed. Física, 1 de AL, 1 de música, 1 orientadora e 1 de relixión.

##### ***Persoal non docente***

No centro contamos con 1 persoa subalterna, traballadora do concello, que fai os labores de conserxería, e outras 2 de limpeza ; 1 cociñeira e 2 axudantes de cociña, que son persoal laboral da Xunta de Galicia. Tamén contamos co apoio dun ATE (Auxiliar Técnico Educativo) que atende aos alumnos con dificultades motrices e sen control de esfínteres.

##### ***Alumnado***

O curso 2019-2020 comeza cun total de 308 matrículas: 74 en Educación Infantil e 234 en Educación Primaria.

## **2. OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS**

### **2.1 IDENTIDADE E VALORES**

#### **Confesionalidade**


Como centro de titularidade pública, o CEIP Manuel Mato Vizoso maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

#### **Lingua de aprendizaxe**

O alumnado deste Centro maioritariamente ten como lingua materna o galego, polo que procede:

- a) Empregar o galego normativo, tanto no ensino coma nos comunicados de xestión administrativa e académica.
- b) No caso de que alguén non sexa galego-falante, adecuaranse os medios necesarios para que a súa integración se realice paulatinamente.
- c) Os textos e demais materiais impresos, que se utilicen no centro, serán elixidos tendo en conta as esixencias metodolóxicas e estarán preferentemente escritos en galego.





Con esta medida pretendemos que ao rematar a etapa de Educación Primaria o alumnado acade competencias nas dúas linguas oficiais.

Como lingua estranxeira, ofrecerase ó alumnado en todos os niveis de ensino que se imparten no CEIP a posibilidade de que poida elixir o inglés ou o francés.

### **Liña metodolóxica**

Desenvolvemos unha metodoloxía activa, na que o alumnado aprenda actuando, analizando cos seus propios medios, observando, facendo, procurando fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes.

### **Valores democráticos**

O noso Centro pretende transmitir ao seu alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (respecto aos demais e a un mesmo, sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a defensa da paz, o gusto polo traballo ben feito,...) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.

### **Educación ambiental**

Dende o CEIP Mato Vizoso apóstase por unha educación preocupada polo medioambiente, dirixida a medidas que o alumnado pode tomar para coidar o planeta, como o aforro enerxético e a reciclaxe. Ao longo do curso, propóñense unidades de ecopatrulla, onde un grupo de alumnos (rotan cada día) axudan ao resto de compañeiros e compañeiras a ubicar no cubo correspondente o lixo das merendas durante o recreo, de xeito que tamén contribúen ao mantemento dos patios limpos.

### **Coeducación**


Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.

### **Xestión institucional**

A idea dun centro democrático supón a necesidade dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade educativa por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

## **2.2 FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS**

Enténdese como tales, os obxectivos que se perseguen a distintos niveis. Todos eles teñen que impregnarse coas características manifestadas nos principios de identidade anteriores, e, segundo a súa natureza, podemos clasificalos en seis grandes grupos: pedagóxicos, de coordinación docente, humanos, institucionais, administrativos e de dinamización da lingua galega.



### 2.2.1 Pedagóxicos


- Concretar as ensinanzas básicas propostas desde a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Buscar unha aprendizaxe significativa fronte á memorística.
- Modificar os esquemas didácticos das diferentes materias para traballar no alumnado a súa formación segundo as oito competencias básicas en Educación Infantil e as sete competencias clave en Educación Primaria
- Afondar no tratamento que se fai na aula dos temas transversais, sobre todo con respecto ao medio ambiente e á actividade física como medio de formación, expresión e relación, co fin de lograr unha formación integral do noso alumnado.
- Promover o principio de igualdade e de coeducación entre todo o alumnado.
- Valorar na súa medida o servizo de comedor que se presta no colexio, na maioría de xeito gratuíto, e traballar as actitudes e comportamento que ten que amosar o alumno/a na mesa e coa comida, como un aspecto fundamental da súa educación básica.
- Fomentar a motivación do alumnado para que esta se reflicta logo nunha perseveranza no traballo e nunha boa actitude cara a adquisición de coñecementos.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.
- Traballar o espírito crítico e científico do alumno que o capacite para afrontar de xeito autónomo os problemas que se lle presenten.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha tódolos mecanismos que proporcione a lexislación vixente para iso (medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias).
- Orientar axeitadamente ao alumno no seu futuro académico ou profesional.
- Escoller axeitadamente os materiais (libros de texto, apuntamentos, páxinas web...) cos que se vai traballar na aula, facendo máis fincapé nas que traballen as TIC.
- Facilitar a distribución de espazos no centro para optimizar o seu aproveitamento nas diferentes actividades.

### 2.2.2 De coordinación docente

- Axilizar as sesións de CCP, claustro e consello escolar coa exposición previa das actas para a súa aprobación e o paso das mesmas a formato electrónico.
- Optimizar as relacións entre os distintos departamentos didácticos, equipos de ciclo, equipos de nivel, orientación e dirección, mellorando a coordinación entre todos eles que dea lugar a modelos de programacións, metodoloxías, adaptacións curriculares... máis uniformes e coherentes.
- Potenciar a figura educativa do titor/a na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.

### 2.2.3 Humanos

- Fomentar un ambiente escolar baseado nas boas relacións entre os distintos sectores da comunidade que permita unha convivencia máis harmoniosa.
- Delimitar o ámbito de actuación de cada sector dentro da comunidade para evitar intromisións innecesarias que desemboquen en situacións de conflito.
- Facer do NOFC un elemento real e práctico á hora de regular as situacións de conflito e non



só un documento onde se recollan os dereitos e deberes de cada un, implicando a todos na súa redacción para que todos o entendan como de obrigado cumprimento.

- Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
- Favorecer a mediación do propio alumnado neses conflitos.
- Valorar cada situación tendo en conta os diferentes agravantes ou atenuantes, que poden facela singular fronte a outras.

#### 2.2.4 Institucionais


- Manter, na medida do posible, as mellores relacións coas diferentes institucións (Concello, ANPA, Consellería, etc) favorecendo o intercambio de información, de opinións e o diálogo tolerante para solucionar determinadas situacións.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa, principalmente profesores/as e alumnos/as.
- Ceder as instalacións ao resto da sociedade, sempre que sexa posible.
- Tomar decisións, sempre que sexa posible, en función de normas obxectivas.
- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer o labor educativo.

#### 2.2.5 Administrativos

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificacións.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro.
- Facilitar a atención ao público desde a secretaría do centro.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no cumprimento das tarefas administrativas entre o persoal docente, sobre todo os titores/as.
- Potenciar a publicidade dos asuntos relacionados co centro mediante o correo electrónico ou a páxina web.

#### 2.2.6 Dinamización da Lingua Galega

- Impulsar distintas accións que tendan a reforzar a lingua e cultura galega dentro do marco legal vixente en cada momento.
- Impulsar a organización de novas actividades que impliquen, fundamentalmente, a participación do alumnado (revistas, torneos de xogos populares...)
- Celebrar días estreitamente relacionados con Galicia, como o día das Letras Galegas, o Entroido, o Samaín, o Magosto, o día de Rosalía, etc.
- Achegar ao alumnado a cultura oral popular da nosa comunidade.
- Introducir e fomentar a lectura de libros en galego, facendo uso da biblioteca escolar.
- Dar a coñecer ao alumnado a cultura literaria e artística de Galicia, colaborando coas institucións culturais da vila para realizar visitas e traballos.
- Velar para que a lingua galega siga sendo a lingua de uso e relación en todos os niveis no centro educativo.



## 2.3 A METODOLOXÍA, COMPETENCIAS E AVALIACIÓN

### 2.3.1 Decisións xerais sobre a metodoloxía

#### Educación Infantil

Será activa favorecendo a participación do alumnado, ofrecéndolles recursos e dándolles propostas para que avancen na súa aprendizaxe.

Partindo de coñecementos previos que os leven a acadar aprendizaxes significativos que incorporarán aos seus coñecementos, sen esquecer non quebrar a dicotomía xogo-traballo.

Teremos presente que a aprendizaxe nesta etapa ten carácter globalizado e lúdico.

Partindo dun enfoque construtivo e tendo moi presente a individualidade dos nenos e nenas e as características de cada grupo, serán o referente á hora de propor as actividades de aprendizaxe e os procedementos necesarios, para que a través da manipulación, experimentación, descubrimento e acción, os nenos e as nenas sexan os/as protagonistas das súas aprendizaxes.

Respectarase o ritmo biolóxico de cada neno/a, atendendo ás necesidades básicas (alimentación, hixiene, seguridade en si mesmo, autoestima, relación con pares,..), dándolles a estes momentos unha connotación educativa xa que todos estes aspectos forman parte do seu desenvolvemento global.

A observación directa, experimentación, o descubrimento e a actividade do alumnado nos procesos de ensinanza- aprendizaxe serán as nosas estratexias metodolóxicas.

Nos criterios de avaliación teranse presentes tanto as aprendizaxes adquiridas coma os procedementos, os hábitos e actitudes das súas accións e as estratexias empregadas para acadalos.


Estes resultados rexístranse, no XADE, en cada un dos informes que trimestralmente se realizan e que se entregan as familias.

Ademais, ao longo da etapa, as unidades didácticas son o recurso metodolóxico prioritario para estruturar o traballo segundo os intereses e necesidades dos nenos e nenas, xunto con pequenos proxectos e talleres.

No 2º nivel, tense moi presente o nivel evolutivo dos nenos e nenas, as unidades didácticas son o recurso a partir do cal se planifican as actividades de observación, manipulación, experimentación e descubrimento que fan á nena e ó neno participe do seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Dáse unha importancia especial ao entorno e á natureza, achegando na medida do posible o Centro á natureza e á realidade empregando obxectos reais. Paralelamente, realízanse saídas e actividades fóra da escola, sempre que garden relación cos temas das unidades didácticas e as actividades programadas.

A ambientación tanto dos espazos comúns como das aulas xerará un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.



A organización temporal será flexible. A xornada escolar estará organizada combinando tempo de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

### **Educación Primaria**

A metodoloxía empregada nesta etapa educativa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo.

Ao longo do 1º curso, terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior, Educación Infantil, facilitando así o paso dunha a outra.

Os principios metodolóxicos que enmarcan a na nosa actividade docente pretenden:


- Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.
- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias de aprendizaxe que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regularlos ou modificalos.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc., procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para dar resposta axeitadamente ás necesidades concretas dos nosos alumnos e alumnas.

#### **2.3.2 A contribución da etapa á consecución das competencias clave**

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións anteriormente expostas, o noso sistema educativo conta con sete competencias clave:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa y espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.





A competencia básica é «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar». Coas áreas e materias do currículo preténdese que todos os alumnos e as alumnas adquiran as competencias que se relatan a continuación:

- Competencia en comunicación lingüística.

Emprego da linguaxe, tanto oral como escrita, como instrumento de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Capacidade para o emprego dos números, as súas operacións básicas, o razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

- Competencia dixital.

Habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

- Competencia para Aprender a aprender.

Capacidade para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.


Consciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir risco.

- Conciencia e expresións culturais.

Coñecemento, valoración, comprensión e aprecio das manifestacións culturais, artísticas e deportivas propias do noso patrimonio, considerándoas fonte de enriquecemento e disfrute.

- Competencias social e cívicas.

Comprensión da realidade social en que se vive, cooperación, convivencia e exercicio da cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como o compromiso a contribuír á súa



mellora. Permite participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

### 2.3.3 Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado

O proceso de avaliación enmárcase no establecido na Orde do 25 xuño 2009 para o segundo ciclo da Educación Infantil entendendo a mesma como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo. Tamén temos en conta a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia onde se recolle que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

A avaliación formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

#### Carácter da avaliación

A avaliación do alumnado de Educación Infantil e Primaria levarase a cabo segundo a normativa vixente, que establece entre outros aspectos, unha avaliación inicial e outras tres ao longo do curso escolar.

O calendario destas avaliacións establecerase ao principio de cada curso escolar e figurará na PXA. Nas sesións de avaliación participará, ademais do titor ou titora do grupo de alumnos a avaliar, que coordinará a sesión, o profesorado especialista que imparte clase nese grupo, o profesorado de apoio e, de ser o caso, o/a orientador/a. Poderá estar presente o xefe/a de estudos.


En cada sesión farase unha análise xeral do grupo relativo á asistencia e ós resultados académicos, tendo en conta as causas e as accións levadas a cabo en cada caso. A continuación trataranse individualmente os casos de especial relevancia, sexa polos resultados académicos ou por outros aspectos que redunden directamente na evolución destes alumnos e alumnas.

As actas estenderanse ao final de cada sesión de avaliación e serán asinadas polo titor ou titora, mestres que imparten clase no grupo, o xefe/a de estudos e do director/a do centro.

Os criterios de avaliación serán revisados ao principio de cada curso escolar e actualizados se fose necesario. Ao longo da Educación Infantil teranse en conta como criterios de avaliación de cada unha das áreas os referentes para coñecer en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto, nos obxectivos de etapa como nos de cada área, e para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación nas competencias básicas. Na etapa da Educación Primaria, terase en conta a consecución dos obxectivos contemplados nas diferentes programacións.

#### Resultados da avaliación

Todos os resultados da avaliación serán rexistrados en Xade, segundo establece a normativa vixente.



Na etapa da Educación Infantil, os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: con dificultade (CD), en proceso (EP) e sen dificultade (SD), en función da adquisición ou non dos ítems a avaliar. Farase en termos cualitativos, recollendo o progreso, e se é o caso as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Na etapa de Educación Primaria, os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), E sobresaliente (SB), acompañados dunha calificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose calificación negativa ou insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e o 8, e o SB o 9 e o 10.

Neste sentido hai que distinguir entre a **calificación de cada avaliación** e **calificación final de curso**.

- a) Durante o curso realizaranse 3 avaliacións parciais. En cada unha delas o docente confeccionará para cada alumno/a unha calificación de avaliación en base a todos os aspectos curriculares obtidos ao longo da avaliación.
- b) Cada docente confeccionará a nota final de curso para cada alumno/a en base aos criterios de calificación entregados á xefatura de estudos e reflectidos na correspondente programación da materia.
- c) Nos resultados deben aparecer as medidas tomadas co alumnado se fora o caso como indicamos a continuación:
  - Exención de Lingua Galega en 5º/6º de Primaria.
  - AC Adaptación Curricular.
  - RE Reforzo Educativo

### Desenvolvemento das sesións de avaliación

Durante o curso escolar desenvolveranse unha **avaliación inicial** e tres sesións de avaliación parcial, coincidindo a última coa avaliación final ordinaria.

As sesións de avaliación serán dirixidas e coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia ou apoio nel e contará co asesoramento do Departamento de Orientación. Nelas trataranse, por esta orde:


1º Cuestións de carácter xeral.

2º Cuestións a destacar relativas a cada materia.

3º Prestaráselles atención especial aos casos excepcionais que precisen un tratamento máis coidadoso.

No proceso de avaliación continua a calificación de cada unha das materias será decidida polo docente que as imparta.

Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado



### 2.3.4 Criterios xerais sobre promoción e titulación

#### Educación Infantil e Primaria

En ambos casos, os criterios xerais sobre promoción e titulación adecuaranse ao marco legal vixente.

O equipo docente de cada grupo decidirá sobre a promoción de nivel primando a opinión da persoa titor/a, sempre. O alumnado promocionará ao nivel seguinte se acada un adecuado desenvolvemento competencial.

Cando as aprendizaxes non alcanzadas non representen un obstáculo para seguir o novo nivel, os alumnos e alumnas poderán promocionar ao curso ou etapa seguinte, adoptándose, as medidas de reforzo e apoio necesarias para conseguilos.

Se o alumnado non cumpre o anterior, permanecerá un ano máis no curso, unha vez unicamente ao longo de toda a etapa educativa e seguirá un plan específico de reforzo e recuperación.

Sen perxuízo do anterior, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderá permanecer un ano máis na etapa de Primaria, segundo recolle a lexislación vixente, se con isto se mellora a súa integración socio-educativa. Na etapa de Educación Infantil, este alumnado poderá permanecer un ano máis se conta coa autorización pertinente.

#### Promoción a Educación Secundaria Obrigatoria

O alumnado promocionará á E.S.O. se acadou o desenvolvemento correspondente das competencias clave, os obxectivos da Educación Primaria e o grao de madurez axeitado.


Se as aprendizaxes non alcanzadas non impiden seguir satisfactoriamente a nova etapa, o alumnado poderá promocionar. Neste caso, a persoa titora elaborará un informe no que precise: as dificultades presentadas, os obxectivos da etapa non logrados e as medidas adoptadas ata ese momento.

O alumnado con altas capacidades poderá ver adiantado o inicio da escolarización na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria logo da avaliación psicopedagóxica.

O alumnado que promocióne con materias pendentes seguirá un Plan de Traballo Individualizado (PTI) para alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. O desenvolvemento deste plan está concretado nas correspondentes programacións das materias.

### 2.3.5 Liñas xerais de atención á diversidade

Pretendemos levar a cabo un conxunto de accións educativas no noso centro que, nun sentido amplo, intentan previr e dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre elas, debemos destacar aqueles casos que requiran unha atención máis específica como son o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:



- Necesidades educativas especiais, derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta.
- Altas capacidades intelectuais.
- Incorporación tardía ao sistema educativo con desfase curricular e/ou descoñecemento da lingua.
- Alumnado con TDAH.
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnado con desfase curricular de máis dun ano que requira compensación das desigualdades en educación por factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.


Os principios básicos que inspiran e sustentan a atención á diversidade son os de normalización, inclusión, igualdade de oportunidades, equidade, accesibilidade, non discriminación, interculturalidade e aceptación das diferenzas como elemento enriquecedor da convivencia de toda a comunidade educativa.

- Abranguerá á totalidade do alumnado, que deberá contar coas medidas e recursos que optimicen a acción educativa, que respondan ás súas necesidades e características persoais e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Terase en conta nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión de todo o centro.
- Nas respostas educativas priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais na intervención educativa.
- Optimizar a organización dos recursos para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora de todo o profesorado.
- Promover a implicación das familias no proceso.

O marco legal que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos é a seguinte:

- Orde 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995).
- Orde do 31 de outubro de 1996, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE que cursan ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEAE asociado a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).






- Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG 21/10/1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas de Educación Infantil e colexios de E.P. dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02/09/1997),
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998 ( DOG 31/07/1998).
- Orde do 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEAE ( DOG 30/01/2003).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro ( DOG 26/02/2004).
- Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado do 2º ciclo da EI., EP., ESO e Bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos ( DOG 19/03/2007).
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo na Educación Infantil na Comunidade de Galicia ( DOG 23/06/2009).
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo na Educación Primaria en Galicia ( DOG 09/09/2014).
- Orde do 9 de xuño de 2016 polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado de Educación Primaria en Galicia ( DOG 10/06/2016).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación (DOG 21/12/2011).
- Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), do/2013 do 9 de decembro (BOE 10/12/2013).

Os obxectivos que se propoñen en materia de atención á diversidade desde o noso centro educativo expóñense a continuación.

#### **Obxectivos referidos aos alumnos:**

- Favorecer a aceptación e valoración das diferenzas entre compañeiros.
- Potenciar o respecto cara outras culturas.
- Prever que as dificultades de aprendizaxe se agraven.
- Alcanzar o máximo desenvolvemento das Competencias Clave.



### Obxectivos referidos aos mestres:

- Establecer canles de comunicación entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado.
- Planificación e toma de decisións compartida.
- Encontrar espazos de convivencia adecuados.
- Conseguir que todo o alumnado obteña o máximo grao de satisfacción persoal dacordo coas súas capacidades.
- Facilitar ao alumnado unha resposta adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás capacidades de cada alumno/a.

### Obxectivos referidos ás familias:


- Potenciar a comunicación e coordinación co profesorado facilitando a converxencia de acción educativa que desde a familia se leva a cabo co noso alumnado.
- Implicarse e participar activamente no proceso educativo do alumno/a, na medida das súas posibilidades.

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, establece unha serie de medidas que se poden levar a cabo en caso de ser necesario co alumnado con NEAE. Entre elas, atopamos as medidas ordinarias e as extraordinarias.

As Medidas Ordinarias son todas aquelas medidas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo ao contexto socio-cultural dos centros educativos e ás características de todo o alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Teñen como finalidade dar respostas ás diferenzas que presenta o alumnado en canto a competencia curricular, motivación, intereses, estratexias, estilo e ritmo de aprendizaxe, para que todos os alumnos e alumnas poidan acadar os obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade contemplamos as seguintes:

- Adecuar a estrutura organizativa do centro e as programacións de aula á diversidade.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Metodoloxías inclusivas.
- Actuacións dirixidas á mellora da convivencia.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas específicos de reforzo e recuperación.

As Medidas Extraordinarias son aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Estas medidas requiren modificacións do currículo no referido aos obxectivos, contidos, modificacións da modalidade de escolarización, cambios esenciais no ámbito organizativo. Aplicaranse unha vez foron esgotadas as medidas ordinarias ou por resultar estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro



educativo, do servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do Departamento de Orientación. Contemplamos as seguintes medidas extraordinarias:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio dos Mestres de PT e AL.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que por diversas circunstancias presenta dificultades de asistencia continuada ao centro educativo.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.


### 2.3.6 Criterios para introducir a educación en valores nas distintas materias

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúa en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento. Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado. Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

- Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
- Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
- Facultar aos rapaces e rapazas para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:


- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.



- Apreciar e valorar as diferentes opcións sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Os valores principais a traballar no noso centro son os seguintes:

- A educación medioambiental
  - Concienciar ao alumnado dos problemas ambientais que sufrimos para mostrarse sensibles aos mesmos.
  - Fomentar a reciclaxe como unha das vías principais para o coidado do medio.
  - Adquirir responsabilidades con respecto ao medio que os rodea, comprometéndose a mantelo limpo, sen lixo polo chan.
  - Instaurar condutas de aforro enerxético (apagado de luces, gasto de auga)
- A coeducación.
  - Evitar actitudes sexistas e discriminatorias por parte do profesorado para lograr unha educación máis igualitaria.
  - Integrar a utilización da linguaxe (oral - escrita) non sexista en todos os aspectos do ámbito educativo.
  - Favorecer a utilización de medios e recursos non discriminatorios (láminas, libros de texto, películas, audiovisuais, actividades, etc.) para contribuír a superar as discriminacións por razón de sexo.




- Potenciar a conciencia crítica no alumnado organizando situacións que favorezan a análise e valoración de situacións reais
- o A inclusión e integración.
  - Educar ós rapaces e rapazas do colexio no respecto ás diferenzas entre as persoas e na valoración positiva do enriquecemento que supón a variedade individual dentro do grupo.
  - Establecer as estratexias necesarias (metodolóxicas, organizativas, curriculares) que permitan a participación real e normalizada dos alumnos e alumnas con NEE no máximo posible de actividades da aula ordinaria e do Colexio arbitrando as medidas de apoio que parezan oportunas..
- o O pluralismo e valores democráticos.
  - Respecto polo pluralismo ideolóxico.
  - Compromiso cos valores democráticos
  - Participación nas actividades do centro, responsabilizando ao alumnado no uso dos materiais e das instalacións.
  - Educación para a paz e a conservación do medio ambiente.
  - Respecto ós dereitos humanos, con especial incidencia nos dereitos dos nenos e nenas, rexeitando calquera recurso metodolóxico que leve implícita a violencia, potenciando a solidariedade fronte á violencia.
  - O diálogo como medio para acceder ó achegamento das diferentes posturas.

### 2.3.7 Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións

No noso centro educativo propóñense unha serie de apartados que deben concretarse nas diferentes programacións didácticas:

- 1.- Introducción e contextualización
- 2.- Principios xerais
- 3.- Obxectivos da etapa
- 4.- Relación dos obxectivos de área, contidos (estruturados en bloques), criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, así como competencias clave.
- 5.- Temporalización
- 6.- Avaliación
  - 6.1 Directrices para a realización da avaliación inicial
  - 6.2 Criterios de cualificación
  - 6.3 Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 6.4 Mínimos esixibles para a promoción
  - 6.5 Procedemento e indicadores para a avaliación da propia programación
- 7.- Principios metodolóxicos
- 8.- Medidas de atención á diversidade
- 9.- Medidas de reforzo e recuperación
- 10.- Elementos transversais
- 11.- Accións de contribución ás competencias clave
- 12.- Accións de contribución ao Plan Lector e ao Proxecto Lingüístico do centro.
- 13.- Accións de contribución ao Proxecto Dixital do Centro





- 14.- Accións de educación en valores e de contribución ao Plan de Convivencia
- 15.- Actividades complementarias e extraescolares
- 16.- Recursos

### 2.3.8 Atención educativa ao alumnado que non opte polo ensino de relixión

- Etapa de Educacion Infantil

Segundo indica a normativa vixente, os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado cuxos pais ou titores non optasen polas ensinanzas de relixión, reciban a debida atención educativa e para que a elección dunha ou outra opción non supoña discriminación algunha.

Ao principio de cada curso escolar os pais, nais ou titores legais poderán optar polas ensinanzas de Relixión ou pola Atención Educativa.

As medidas organizativas que dispoñan os centros deberán ser incluídas no proxecto educativo para que familias e titores/as as coñezan con anterioridade.

As actividades educativas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de relixión e estarán orientadas a:

- Desenvolver a capacidade de atención.
- Mellorar a capacidade de observación.
- Promover hábitos de atención e escoita.
- Perfeccionar a expresión oral.
- Desenvolver a imaxinación.
- Fomentar nos alumnos/as o interese pola lectura.

Estas actividades consistirán en audicións, visionado de películas e documentais, lecturas, debates, dramatizacións, xogos didácticos, actividades lúdicas ao aire libre, emprego do ordenador e outras que manteñan a finalidade expresada máis arriba.

En ningún caso ditas actividades comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a outra área da etapa.


A atención educativa será prestada polo titor ou titora do grupo preferentemente.

- Etapa de Educacion Primaria

O alumnado da etapa da Educación Primaria que non opte polo ensino de relixión cursará a asignatura de Valores Sociais e Cívicos, tal e como se recolle no Anexo II do Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na nosa comunidade autónoma.

### 2.3.9 Período de adaptación en Educación Infantil

O Período de Adaptación é o tempo que necesita a nena e o neno para conquistar outros espazos e descubrir novas/os amigas e amigos. É o tempo que precisan as familias para deixar



o/a neno/a confiado nas nosas mans. É o tempo que precisamos as/os mestras/es para coñecer as súas características e necesidades.

O equipo docente pretendemos favorecer que, as familias e os/as nenos/as, logren a confianza necesaria para superar con éxito o período de adaptación e comezar a vivir a escola coma un lugar propio.

Non existe un período de adaptación estándar, cada nena/o vive o seu propio proceso de xeito individual. Unha vez adquirida a seguridade e confianza, os nenos e as nenas xogan, empregan os materiais da aula e os espazos con independencia e autonomía, gozando de todas as experiencias que lles ofrece a escola.

Unha vez realizada a matrícula do novo alumnado de educación infantil, o centro programará un período de adaptación para facilitar a incorporación deste alumnado. Antes do inicio de curso convocarase unha reunión coas familias para explicarlles entre outros temas, o procedemento deste período de adaptación.

O alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro farao de forma flexible (flexibilizando horarios e agrupamentos), tal como recolle a normativa vixente. O período de adaptación realizarase nos primeiros días lectivos do mes de setembro e respectarase o período establecido pola orde que regula o calendario escolar de cada curso.

A mestra de apoio, durante o período de adaptación, apoiará na aula de 4º nivel mentres o alumnado permaneza en dita aula. A incorporación de especialistas durante este período farase de xeito progresivo.

Na reunión de inicio de curso cada titora lembrarlles ás familias as normas de control de esfínteres e de teléfonos operativos durante a xornada escolar.

## **2.4 A ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA E OS DOCUMENTOS CORRESPONDENTES**

O funcionamento do centro educativo enmárcase nunha serie de documentos onde se recolle e se guía o día a día tanto nas aulas, como no resto de espazos educativos.

### **2.4.1 Programacións por cursos e materias**

### **2.4.2 Plan de Orientación**

### **2.4.3 Plan de Acción Titorial (ver anexo I)**


### **2.4.4 Plan de Atención á Diversidade (ver anexo II)**

### **2.4.5 Plan Lector (ver anexo III)**

### **2.4.6 Proxecto Lingüístico (ver anexo IV)**

### **2.4.7 Proxecto Dixital (ver anexo V)**

### **2.4.8 Plan de Fomento do uso da Lingua Galega (ver anexo VI)**



## 2.5 OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

### 2.5.1 PXA (Programación Xeral Anual)

Documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa, establecendo a súa organización e fixando obxectivos para o curso académico actual. Establécese así unha relación de obxectivos, intencións e compromisos, froito da reflexión e da análise, partindo sempre dos recursos dispoñibles (humanos e materiais) co fin último de acadar o maior éxito escolar do alumnado do centro.

### 2.5.2 Memoria Anual


Ao longo deste documento recóllense todas as actividades realizadas durante o curso escolar co fin de analizar, avaliar e concluir con variadas propostas de mellora para os vindeiros anos académicos. A metodoloxía empregada para levar a cabo consistirá na análise das memorias das programacións didácticas, dos plans e proxectos, das actas dos diferentes equipos docentes...

## 3. A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

### 3.1 A ORGANIZACIÓN XERAL NO FUNCIONAMENTO DO CENTRO

#### 3.1.1 Organigrama

A continuación preséntase en forma de táboa o conxunto de individuos e colectivos que conforman a comunidade escolar do CEIP M. Mato Vizoso.




<b>CEIP M. MATO VIZOSO</b>			
<b>ORGANOS DE GOBERNO</b>			<b>ORGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA</b>
<b>UNIPERSOAIS</b>		<b>COLEXIADOS</b>	
1-Director 1-Xefa de estudos 1-Secretaria		<b>CLAUSTRO</b>	<b>CONSELLO ESCOLAR</b>
		Mestres de infantil Mestres de primaria Orientación Mestra de relixión	1-Director 1-Xefa de estudos 1-Secretaria 1-Representante de Concello 5-Representantes do profesorado. 4-Representantes dos país/nais. 1-Representante da ANPA
			Comisión económica Comisión convivencia Comisión comedor
<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>		<b>PAIS/NAIS</b>	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>
<b>TRANSPORTE</b>	<b>COMEDOR</b>	ANPA	1 conserxe 2 limpadoras 1 cociñeira 2 Axudantes cociña 1 cuidador
11 rutas 4 compañías	Tipo C, 1 quenda, 230 usuarios 9 colaboradoras 1 cociñeira 2 axudantes cociña 1 encargada		

A composición e funcións de cada órgano recóllense nos artigos correspondentes do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e a orde que o desenvolve, do 22 de xullo de 1997, polo que se implantan e regulan os centros de infantil e primaria de ensinanzas non universitarias.

### 3.1.2 Horarios

O centro está aberto de 9:30h a 14:30h para a actividade docente, de 14:30 a 15:20 para comedor e de 15:20 a 17:30 para actividades realizadas pola ANPA.



O horario lectivo é de xornada única desde setembro ata xuño, sempre no mesmo horario.

- Horario de EI de 9:30 a 14:30 cun recreo de 30 minutos, de 11:40 a 12:10; 5 sesións diarias cunha duración de 55 minutos.

- Horario de EP de 9:30 a 14:30 cun recreo de 30 minutos, de 12:15 a 12:45; 5 sesións diarias de 55 minutos.

O alumnado de infantil adoita saír ao comedor uns minutos antes que os de primaria, sobre as 14:20 h máis ou menos. Dispoñen todos eles de 50 minutos para comer, saíndo ás 15:20h para o patio de entrada, onde os recollen primeiro os mestres de garda e na porta as colaboradoras do transporte, para posteriormente levalos aos bus correspondente de cada liña.

### **3.1.3 Servizos complementarios**

#### **Comedor**

O servizo de comedor regularase polo disposto no Decreto 10/2007 do 25 de xaneiro, e na Orde do 21 de febreiro de 2007 que o desenvolve. A utilización e pago deste servizo está recollida na Decreto 374/2009, do 6 de agosto, e o Decreto 439/2009, do 11 de decembro, que o modifica. Segundo o disposto nestes documentos o comedor deste centro é de tipo C (entre 151 e 250 comensais), co que lle corresponden 9 figuras de colaborador, 1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes.

Existe un encargado de comedor que pertence ao colectivo de mestres do centro. Funciona unha soa quenda, para infantil e primaria. Son usuarios do servizo o alumnado transportado, alumnado que viven a menos de dous quilómetros (gratuíto ou de pago en función do nivel de renda da unidade familiar) e o resto de prazas ofértase ó alumnado non transportado (gratuíto ou de pago en función do nivel de renda da unidade familiar), cociñeiras e nais colaboradoras (gratuíto) e persoal docente e non docente que presta colaboración algún día (gratuíto o día da colaboración e de pago o resto).


É preceptivo a presentación do xustificante bancario de pago mensual para poder seguir utilizando o servizo de comedor.

O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

#### **Transporte**

O transporte escolar deste Centro está cuberto por 4 empresas: Arriva Noroeste S.L, Fernando (Autos Lozano), Minerva Díaz Cendán e Fernando e a UTE Autos Lozano S.L, Minerva e Hijos S.A, Minerva Díaz Cendán e Autocares Llano S.L, nas rutas descritas a continuación:





EMPRESA	RUTA	TRAXECTO
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	1 XG-729	Alba
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	2 XG-676	Vilate - Goiriz
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	3 XG-676	Guntín - Broz
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	4 XG-729	Ladra - Torre
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	5 XG-676	Oleiros - Frouxeira
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	6 XG-729	Santaballa - Bordelle
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	7 XG-676	Noche - Nete
UTE Autos Lozano SL e Minerva Díaz	8 XG-729	Belesar
Arriva Noroeste S.L.	99LU0524	Mourence-Santaballa
Fernado (Autos Lozano)	19LU4115	Taxi (Belesar)
Minerva Díaz Cendán	99LU4031	Chafarica - Guntín

A súa organización está supeditada ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte.

A folia de ruta é o documento oficial onde quedan rexistradas as paradas autorizadas para cada bus e actualízase cada ano coas peticións de paradas en ruta, de variante ou de ramal, que poidan facer os usuarios do transporte, no prazo destinado para iso, que soe coincidir no mes de xullo do curso rematado.

Hai 8 rutas que pasaron a transporte integrado e que están xestionadas dende xaneiro deste ano 2020 pola Dirección Xeral de Mobilidade.

### 3.2 NOFC (Ver anexo VII)

A actividade cotiá do centro leva aparelladas unha serie de circunstancias moi concretas que necesitan ser reguladas para o seu correcto desenvolvemento. O documento no que mellor se reflicte esta estrutura organizativa denomínase “Normas de Organización e Funcionamento do Centro”.

### 3.3 Plan de convivencia (ver anexo VIII)


O Plan de Convivencia, que basea moitos dos seus puntos no NOFC, tamén se inclúe neste apartado por entendermos que tamén contribúe de xeito importante a regular a vida no centro no día a día.

### 3.4 Plan de funcionamento do comedor (ver anexo IX).

O plan foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor no cal se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar, ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo.

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc., atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa.



### 3.5 Plan de autoprotección

O Plan de autoprotección (non é obrigado pois este centro non chega a albergar 1000 alumnos/as) serían unha serie de accións e medidas, adoptadas polo CEIP Mato Vizoso, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito das competencias encamiñadas a prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta adecuada ás posibles situacións de urxencia e a garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil; reguladas no plan de evacuación co que si conta o centro.

## 4. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PE

### 4.1 Avaliación

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas, de xeito que poidan facerse nel melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos plantexados.

### 4.2 Modificación no PE


- Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no consello escolar, quedando derogado o anterior.
- Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar que terá que levar a cabo a súa proposta a través do sector que o represente no consello escolar.
- A aprobación dunha modificación precisará da maioría simple do consello escolar.
- As modificacións incorporaranse como engadidos ao documento inicialmente aprobado, seguindo este procedemento

O día.....O Consello Escolar do CEIP Mato Vizoso acordou modificar o/s punto/s.....do Proxecto Educativo aprobado en data.....quedando a súa redacción como sigue:.....  
 .....  
 .....

### 4.3 Difusión do PE

O Proxecto educativo do CEIP Mato Vizoso aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar. Estará sempre a disposición de toda a comunidade educativa. Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, e estará a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargarase de dar a máxima publicidade posible ao PE entre o profesorado e demais membros da comunidade escolar e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais/nais, as titorías de alumnos, etc. para levar a cabo este cometido.



O director certifica que este Proxecto Educativo de Centro do CEIP Mato Vizoso foi presentado ao Claustro do Profesorado o día 30 de xuño de 2020 e avaliado polo Consello Escolar na súa reunión do mesmo día arriba indicado (30 de xuño).

Visto e praxe

O director

A secretaria

Asdo.: Xosé Teixeira Pérez

Asdo.: M<sup>a</sup> José García Otero